

## CRITERIOS DE MOVIMIENTO DE BOVINOS E OVINOS ANTE O INICIO DO PERÍODO ESTACIONALMENTE LIBRE (PEL) DE CIRCULACIÓN DO VECTOR DA LINGUA AZUL EN DIFERENTES ZONAS DE GALICIA

Rev. 29.11.2023

O inicio do período estacionalmente libre de circulación do vector (PEL) en Galicia en 2023, segundo comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), terá lugar nas seguintes datas:

- **Dende o 1 de decembro:** provincia de Ourense e comarcas veterinarias de Terra Cha Vilalba, Terra Cha Guitiriz, Terra Cha Castro, Meira, A Fonsagrada, Lugo, A Ulloa, Sarria, Os Ancares, Chantada e Terra de Lemos-Quiroga na provincia de Lugo.
- **Dende o 15 de decembro:** provincia de Pontevedra, provincia da Coruña e comarcas veterinarias da Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental na provincia de Lugo.

### 1- CONDICIÓN PARA MOVIMENTO DE BOVINOS E OVINOS DENDE TERRITORIOS CON INICIO DO PEL O 1 DE DECEMBRO, a partir desa data

- Documentación de movemento:

- **Dentro de Galicia:** documento de acreditación sanitaria (DAS= carta verde), guía regular ou autoguía
- **A outro territorio de España:** guía regular

- Condicións sanitarias do movemento (Galicia e resto de España)

- Non se aplican condicións adicionais en relación coa lingua azul

### 2- CONDICIÓN PARA MOVIMENTO DE BOVINOS E OVINOS DENDE TERRITORIOS CON INICIO DO PEL O 15 DE DECEMBRO

**Ata o 15 de decembro:**

- Documentación de movemento:

- **Dentro de Galicia:**

Animais con orixe Pontevedra: guía regular ou autoguía con anexo de vacinación e declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD.

Animais con orixe A Coruña e A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental: documento de acreditación sanitaria (DAS=carta verde), guía regular ou autoguía e declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD.



- **A outro territorio de España:**

Animais con orixe Pontevedra: guía regular con anexo de vacinación e declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD.

Animais con orixe A Coruña e A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental:

- A ZR España: guía regular

- A ZL España: guía regular +

- Matadoiro: declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD.
- Vida < 3m: declaración de desinsectación do animal +declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD.
- Vida > 3m: desinsectación do animal +declaración de desinsectación do vehículo ou certificado de desinsectación emitido polo CLD+ indicación de resultado de PCR na guía regular.

- Condições sanitarias do movemento

- **Dentro de Galicia:**

Animais con orixe Pontevedra: orixe explotación vacinada e animal vacinado (ou menor de 4 meses fillo de nai vacinada) e vehículo desinsectado.

Animais con orixe A Coruña e A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental: recoméndase animal desinsectado (con repelente se o destino é matadoiro) e vehículo sempre desinsectado.

- **A outro territorio de España:**

Animais con orixe Pontevedra: orixe explotación vacinada e animal vacinado (ou menor de 4 meses fillo de nai vacinada) e vehículo desinsectado.

Animais con orixe A Coruña e A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental:

- A ZR España: Sen requisitos. Vehículo desinsectado recomendable

- A ZL España: Acordo de mesa:

- Matadoiro: recoméndase animal desinsectado (repelente) e sempre vehículo desinsectado.
- Vida < 3m: Animal desinsectado, inspección previa (en mercado) e vehículo desinsectado.
- Vida > 3m: animal vacinado ou 14 e PCR, animal desinsectado e vehículo desinsectado.



**A partir do 15 de decembro:**

- Documentación de movemento:

- **Dentro de Galicia:** documento de acreditación sanitaria (DAS= carta verde), guía regular ou autoguía
- **A outro territorio de España:** guía regular

- Condicións sanitarias do movemento (Galicia e resto de España)

- Non se aplican condicións adicionais en relación coa lingua azul

→ No momento en que finalice o PEL (estimado a mediados de abril de 2024) **todos os movementos de bovino e ovino internos de Galicia ou con destino ao resto de España, deberán acompañarse dunha guía regular (posibilidade de autoguía en movementos internos de Galicia)**, os animais deberán proceder dunha explotación vacinada, estar vacinados ou ser menores de 4 meses fillos de nais vacinadas e transportarse en vehículos desinsectados.

**Nota:** os mercados manterán a desinsectación ata o 15 de decembro, independentemente da súa localización.

Santiago, 29 de novembro de 2023  
Servizo de Sanidade Animal